



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01 – Fax.: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

1.- Para que surta efecto unha notificación defectuosa:

- a) Basta con que transcorra o prazo de recurso ó que o acto se refire.
- b) O particular ha de actuar de xeito que se deduza o coñecemento do contido da resolución
- c) A Administración debe demostrar que o fixo.
- d) Nunca surte efectos unha notificación defectuosa.

2.- O presuposto con respecto aos gastos é:

- a) Unha previsión
- b) Límite mínimo
- c) Límite cuantitativo
- d) Límite temporal

3.- É un servizo mínimo obrigatorio nos Concellos de menos de cinco mil habitantes:

- a) Medio Ambiente
- b) Extinción de incendios
- c) Limpeza viaria
- d) Mercado

4.- O contrato polo que un arquitecto se compromete a levar a dirección facultativa dunha obra é un contrato:

- a) De obra.
- b) Laboral.
- c) De servizos.
- d) Mercantil

5.- As contribucións especiais son:

- a) Unha taxa.
- b) Un imposto.
- c) Un tributo.
- d) Un recargo

6.- Contra os actos das entidades locais que poñen fin á vía administrativa, segundo a Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- a) Só se pode interpoñer recurso contencioso administrativo
- b) Só cabe recurso de casación
- c) Pódese interpoñer recurso de alzada ou ben impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso administrativa
- d) Pódese interpoñer recurso de reposición ou ben impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso administrativa

7.- ¿Cal é o órgano competente para formar o orzamento local?

- a) O Alcalde.
- b) O Pleno.
- c) A Xunta de Goberno Local.
- d) O/a Interventor/a da Corporación.

8.- Cal dos seguintes impostos non é obrigatorio:

- a) Imposto sobre bens inmobles.
- b) Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- c) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- d) Imposto sobre actividades económicas.

9.- Na atención ó cidadán:

- a) O cidadán segue preferindo a atención persoal
- b) O importante é sonreir amablemente.
- c) Non importa como digamos as cousas, con tal de dar unha solución válida.
- d) Ten que ser con cita centralitas-operadores telefónicos

10- As alegacións e aportación de documentos por parte dun interesado nun procedemento, que non se refiran a defectos de tramitación, poden realizarse:

- a) Antes do trámite de audiencia
- b) En calquera momento
- c) Inmediatamente antes da proba
- d) So cando son requiridos pola administración

11.- A elección dun alcalde efectúase:

- a) Directamente nas eleccións locais
- b) En sesión extraordinaria ó efecto
- c) Na sesión constitutiva da Corporación
- d) Pola xunta electoral tras as eleccións

12.- A xestión electrónica da actividade administrativa

- a) Respetará a titularidade e o exercicio das competencias da administración, entidade ou órgano que as teña atribuídas
- b) Respetará o cumprimento dos requisitos formais e materiais establecidos nas normas que regulen a correspondente actividade.
- c) Rexerase por criterios de simplificación administrativa
- d) Todas son correctas

13.- ¿Quen ten dereito á tutela xudicial efectiva de xuíces e tribunáis?

- a) Os cidadáns españois e os nacionais de países da Unión Europea legalizados.
- b) Todas as persoas.
- c) So os cidadáns españois.
- d) Os cidadáns españois e os extranxeiros.

14.- Non é un documento de constancia:

- a) A dilixencia
- b) A acta
- c) A memoria
- d) O certificado



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01 – Fax.: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

15.- ¿Cando se considera menor un contrato de obra?

- a) Se non excede de 30.000,00 euros, I.V.E. incluída.
- b) Se non excede de 50.000,00 euros, I.V.E. excluída
- c) Se non excede de 50.000,00 euros, I.V.E. incluída.
- d) Se non excede de 30.000,00 euros, I.V.E. excluída

16.- As declaracións responsables e as comunicacións previas producirán os efectos que se determinen en cada caso pola lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, dende...

- a) O día seguinte a súa presentación.
- b) Aos quince días do seu rexistro no Concello.
- c) O día da súa presentación.
- d) Aos dez días da súa presentación.

17.- Á vista do artigo 37.1 da Lei 30/1992, os suxectos lexitimados para exercer o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros administrativos, son:

- a) Os cidadáns
- b) Os interesados no procedemento
- c) Os administrados
- d) Os veciños do municipio

18.- Segundo o artigo 102 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais

- a) O tipo de gravame do ICIO será o fixado por cada concello, sen que dito tipo poda exceder do catro por cento.
- b) O tipo de gravame do ICIO será o fixado por cada concello, sen que dito tipo poda exceder do dous por cento.
- c) O tipo de gravame do ICIO será o fixado por cada concello, sen que dito tipo poda exceder do cinco por cento.
- d) O tipo de gravame do ICIO será o fixado por cada concello, sen que dito tipo poda exceder do tres por cento.

19.- Os contratos menores

- a) Non poderán ter unha duración superior a seis meses e poderán prever unha prórroga como máximo por outros seis meses.
- b) Poderán ter duración superior seis meses pero non prever prórrogas.
- c) Non poderán ter duración superior a un ano e non poderán ser obxecto de prórroga
- d) Non poderán ter duración superior a un ano e poderán ser obxecto de prórroga.

20.- ¿A quen se debe facilitar a información particular?

- a) A calquera cidadán que a precise.
- b) Aos cidadáns españois maiores de idade.
- c) Aos cidadáns españois e extranxeiros maiores de idade.
- d) A calquera interesado no procedemento

21.- ¿Qué natureza teñen os datos do padrón municipal?

- a) Son secretos.
- b) Son públicos.
- c) Son confidenciais.
- d) Son privados.

22.- Cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) O prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres meses.
- b) O prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de reposición e do recurso de alzada será dun mes.
- c) O prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de reposición será de trinta días.
- d) O prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de alzada será de un mes.

23.- ¿Quen está obrigado a inscribirse no Padrón municipal?

- a) Os cidadáns españois.
- b) Os cidadáns españois e os cidadáns da Unión Europea.
- c) Os veciños e transeúntes.
- d) Toda persoa que viva en España.

24.- ¿Cómo se denomina o documento que serve para que unha autoridade ou funcionario público comunique algún asunto a outro?

- a) Comunicación.
- b) Oficio.
- c) Dilixencia.
- d) Acta.

25.- Son órganos necesarios do Concello en todos os municipios:

- a) O Alcalde, o Pleno e os Tenentes de Alcalde.
- b) O Alcalde e o Pleno.
- c) O Alcalde, o Pleno, os Tenentes de Alcalde e a Xunta de Goberno.
- d) O Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno.

26.- Os contratos administrativos perfecciónanse:

- a) Coa adxudicación
- b) Coa Publicación no Perfil do Contratante
- c) Coa súa formalización
- d) Coa notificación

27.- Cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) As notificacións practícanse polo medio solicitado polo interesado.
- b) As notificacións practícanse por escrito, en todo caso.
- c) As notificacións practícanse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante, así como da data, a identidade e o contido do acto notificado.
- d) Ningunha das anteriores afirmacións é correcta



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 Paradelas (Lugo)

Tel.: 982 54 11 01 – Fax.: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

28.- A Xunta de Goberno Local existe:

- a) En todos os municipios.
- b) En todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu reglamento orgánico ou así o acorde o Pleno o Concello.
- c) Exclusivamente nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.
- d) En todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o acorde o Pleno do concello.

29.- As ordenanzas locais, aprobadas inicialmente polo Pleno, requiren información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxerencias por un prazo

- a) Mínimo de trinta días.
- b) Mínimo de un mes.
- c) Mínimo de quince días.
- d) Mínimo de vinte días.

30.- As notificacións deben ser cursadas...

- a) ao día seguinte da data en que o acto fose dictado.
- b) dentro do prazo de quince días a partir da data en que o acto fose dictado.
- c) dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose dictado.
- d) dentro do prazo de cinco días a partir da data en que o acto fose dictado.

31.- O orzamento municipal aprobado inicialmente polo Pleno, exporase ao público para que os interesados podan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno por un prazo de

- a) Trinta días.
- b) Vinte días.
- c) Dez días.
- d) Quince días.

32.- Estan exceptuados da obriga de resolver á que se refire o artigo 42 da Lei 30/1992, os procedementos:

- a) Iniciados de oficio.
- b) Interadministrativos.
- c) De revisión de actos administrativos.
- d) Rematados por pacto ou convenio.

33.- Indique o servizo por cuxa prestación as Entidades Locais poderán esixir taxas

- a) Limpeza da vía pública
- b) Vixianza pública en xeral
- c) Alumeado das vías públicas.
- d) Ningunha das anteriores é correcta

34.- ¿Cal dos seguintes recursos non forma parte da facenda das entidades locais?

- a) A participación nos tributos do Estado e das comunidades autónomas.
- b) As subvencións
- c) O IVE.
- d) O produto das operacións de crédito.

35.- ¿Cando se adquire a condición de veciño?

- a) Co nacemento.
- b) Coa inscrición no Padrón.
- c) Coa residencia continuada.
- d) Coa residencia temporal.

36.- ¿Cal é o prazo do que dispón a Administración para declarar de oficio, a nulidade dos actos que dicte?

- a) Dous anos.
- b) Non existe prazo algún.
- c) Un ano.
- d) Cinco anos.

37.- ¿Cando deben notificarse aos interesados un acto administrativo?

- a) Cando o solicite por escrito.
- b) Cando o indique na solicitude de iniciación do procedemento.
- c) Cando se produza sexa da clase que sexa.
- d) Cando afecte a os seus intereses.

38.- ¿Cal das seguintes formas non é un modo de terminación do procedemento administrativo común?

- a) Allanamiento.
- b) Resolución.
- c) Caducidade.
- d) Renuncia.

39.- ¿Cal é o prazo máximo de duración dun contrato de servizos, sen contabilizar as prórrogas?

- a) Un ano.
- b) Dous anos.
- c) Seis anos.
- d) Catro anos.

40.- Segundo a Lei 30/1992 cal é o prazo que hai que outorgar para a subsanación dunha solicitude

- a) Dez días.
- b) Quince días
- c) Vinte días.
- d) Cinco días.



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01 – Fax.: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

41.- ¿Cal é o prazo máximo de emisión dun informe no procedemento?

- a) Vinte días.
- b) Quince días.
- c) Trinta días.
- d) Dez días.

42.- ¿Cal das seguintes conductas se considera falta grave para un funcionario?

- a) A publicación de secretos oficiais.
- b) O incumprimento do horario de traballo.
- c) A falta de obediencia debida aos superiores.
- d) A incorrección co público.

43.- Cando a norma reguladora dun procedemento non estableza o prazo para resolver, entenderase que este é de:

- a) Seis meses.
- b) Tres meses.
- c) Catro meses.
- d) Doce meses.

44.- ¿Cal é o prazo máximo de realización da proba no procedemento administrativo común?

- a) Quince días.
- b) Vinte días.
- c) Trinta días.
- d) Dez días.

45.- ¿Cal dos seguintes datos non é obrigatorio que conste no padrón municipal?

- a) Nacionalidade.
- b) Lugar e data de nacemento.
- c) Número de teléfono
- d) Certificado ou título escolar ou académico que se posúa.

46.- Se o interesado non subsana a solicitude conforme ao artigo 71 da Lei 30/92

- a) O procedemento remata por caducidade
- b) Ténselle por desistido da petición.
- c) Tense a petición por non presentada.
- d) Non se produce necesariamente ningunha das consecuencias citadas anteriormente.

47.- O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobouse por:

- a) Decreto-Lei
- b) Lei ordinaria
- c) Lei Orgánica
- d) Decreto-Legislativo

48.- ¿Cantas Parroquias forman parte do Concello de Paradela?

- a) 16
- b) 18
- c) 17
- d) 19

49.- A dirección electrónica accesible aos cidadáns a través de Internet cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a un concello denomínase

- a) Portal do cidadán
- b) Páxina web
- c) correo electrónico
- d) Sede electrónica

50.- O expurgo é:

- a) A desinfección de documentos.
- b) A formación de atado de documentos.
- c) A operación pola que se seleccionan os documentos co fin de que sólo aqueles que reúnan as mellores condicións de testimonio e información pasen aos arquivos históricos.
- d) A destrución de documentos que forman parte dun arquivo.



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago, 15 – 27611 Paradelas (Lugo)

Tel.: 982 54 11 01 – Fax.: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Preguntas de reserva:

1.- ¿Cal das seguintes non é unha atribución do Alcalde?

- a) Dictar bandos
- b) Convocar e presidir as sesións plenarias
- c) Aprobación da oferta de emprego público
- d) Aprobación do regulamento orgánico e as ordenanzas

2.- O tipo de gravame mínimo e supletorio do imposto sobre bens inmobles

- a) Será o 0,4 por cento cando se trate de bens inmobles rústicos e o 0,3 cando se trate de inmobles urbanos.
- b) Será o 0,4 por cento tanto se trate de bens inmobles rústicos coma urbanos.
- c) Será o 0,3 por cento cando se trate de bens inmobles rústicos e o 0,4 cando se trate de inmobles urbanos.
- d) Será o 0,3 por cento tanto se trate de bens inmobles rústicos coma urbanos.

3.- Cando un acto persegue, baixo a aparencia dunha finalidade propia da Administración, un interese distinto ao que deba salvagardar estase a falar de...

- a) Desviación de poder.
- b) Nulidade.
- c) Anulabilidade.
- d) Erro de feito.

4.- Cando se desiste abandónase

- a) Un dereito.
- b) Un acto administrativo.
- c) Unha pretensión.
- d) Un procedemento.

5.- ¿Cal dos seguintes non é un medio de intervención na actividade dos cidadáns por parte das Corporacións locais?

- a) As ordenanzas.
- b) As subvencións.
- c) Os bandos.
- d) O sometemento a previa licenza.

